

FORO VALDEORRAS SÉCULO XXI

O Foro Valdeorras Século XXI celebrou a súa sexta xuntanza no Salón de Plenos do Concello de Vilamartín, para dar conta das xestións realizadas dende a anterior reunión e para plantexar o plan de traballo de futuro.

Asistiron ou estiveron representados os Concellos de O Barco, A Rúa, Carballeda, Petín, Vilamartín, Larouco, A Veiga, a Deputada autonómica M^a Carmen Acuña, o Vicepresidente da Deputación de Ourense, Moisés Blanco Paradelo, os sindicatos CIG e UGT, e os representantes das Asociación Empresariais AEVA, AGP e Trevihost.

Despois de repasar as diferentes xestións levadas a cabo pola Comisión de Seguemento, consensuáronse os seguintes puntos:

- ❖ Seguir mantendo as peticións que se recolleron no primeiro documento do Foro, facendo especial fincapé nas relativas ás infraestructuras. Con respecto a Autovía A-76, acordouse que, a través do Foro, se recupere a Plataforma ProAutovía A-76 na que estaban integrados os Concellos de Monforte, O Barco e Ponferrada e os axentes socio económicos destes municipios. Se propondrá que dita Plataforma reivindique a licitación do proxecto de execución antes de que remate o ano 2010. Todos os membros do Foro coincidiron na necesidade de aunar esforzos en torno a esta infraestructura.

O Foro amosou a súa preocupación polo estado de conservación que presenta a Estrada Nacional 120 no tramo que discorre entre Valdeorras e O Bierzo, solicitando urxentemente a intervención para a súa mellora, tendo en conta que só se tratar de levar a cabo traballos de mantemento.

Dende o Foro se trasladará ao Ministerio de Fomento a necesidade de que se axilice a execución do proxecto da obra do enlace entre a Estrada Nacional 120 e a Estrada Nacional 536.

O Foro tamén acordou dirixirse as empresas hidroeléctricas titulares de estradas en distintos municipios da comarca (Endesa e Iberdrola) para esixirlles o mantemento destas vías, pedíndolle unha resposta para transmitir aos membros do Foro. Tamén se acordou solicitarlle unha entrevista cos alcaldes dos concellos afectados.

O Foro tamén considera unha prioridade que se executen as obras da estrada A Veiga-Prada, cuxo proxecto está redactado dende hai tempo.

Con respecto ao Tren de Altas Prestacións Ponferrada-Monforte deuse conta do estudo enviado aos concellos no que se recollen as posibles zonas de actuación. Neste punto se abordou a necesidade de mellorar a estrada Viana-A Gudiña para facilitar o acceso da poboación valdeorresa á futura estación do AVE da Gudiña.

- ❖ Tratouse tamén da necesidade de dispor dun sistema de transporte público que conexione toda a comarca, mellorar os servizos de transporte co resto de Galicia, e revisar as concesións de transporte. Denunciouse tamén o lamentable estado de funcionamento das estacións de autobuses do Barco e A Rúa, que non dispoñen de persoal nin de ningún sistema de información aos usuarios. Acordouse pedir ao Director Xeral de Transportes a instalación de paneis dixitais para información aos usuarios sobre o servizo de autobuses.
- ❖ A Alcaldesa de Carballeda, en calidade de Presidenta do GDR Valdeorras, deu conta das xestións levadas a cabo dende dita Asociación, e manifestou que en datas próximas se publicarán as bases para a contratación do personal (1 administrativo e 1 técnico) encargado de supervisar os proxectos de investimento, cuxo prazo de presentación está aberto.
- ❖ Tratouse por primeira vez no Foro a necesidade de solicitar a implantación dun Posto Principal da Garda Civil como o que xa está funcionando dende hai tempo en Carballiño, e co que se lograría a creación de postos específicos en tres áreas funcionais: Área de Seguridade Cidadana, Área de Atención ao Público e Área de Investigación. O Posto Principal responde á necesidade de dar resposta á conflitividade actual ou potencial de localidades cun claro predominio urbano, industrial ou turístico, ou ben que o requiran polas súas características demográficas, socioeconómicas, de seguridade cidadana ou similares, características que o Foro considera que sen dúbida reúne a comarca. Darase traslado desta petición ao Subdelegado do Goberno en Ourense.
- ❖ O Foro acordou sumarse as reivindicacións do colectivo de profesionais da xustiza na comarca de celebrar os xuízos penais en Valdeorras, así como os actos de conciliación, que ata o de agora só se celebran en Ourense. Tamén se recabará información de cara a valorar a demanda dun Xulgado do Social na comarca.
- ❖ No que respecta ao Santuario das Ermitas, o Foro se poñerá en contacto co Vicepresidente da Fundación Nosa Señora das Ermitas para coñecer de primeira mán o estado do proceso para a rehabilitación do edificio e para transmitirle o noso apoio.
- ❖ En relación co Xacobeo 2010 os membros do Foro manifestaron o seu malestar porque Valdeorras quedou fóra dos circuitos de concertos programados con motivo do Ano Santo. Tamén abordou a problemática do Camiño de Inverno, acordándose pedir á Consellería de Cultura que antes de que remate o ano se logre o recoñecemento oficial desta ruta do Camiño e que, para favorecer a súa promoción se programen actividades relacionadas co Xacobeo.

- ❖ Informouse aos membros do Foro dos resultados da xuntanza mantida pola Comisión de Seguemento do Foro co Director Xeral da Compañía de Radio Televisión de Galicia. Neste punto se destacou que, a pesar de que o Director mostrou moi boa disposición para mellorar o tratamento que se lle da a comarca nos medios públicos, ata o de agora non estamos vendo moitos avances. Pedíuse tamén a cada un dos membros do Foro que informen á Compañía das actividades e novas nos seus respectivos ámbitos, e tamén se acordou solicitar unha nova entrevista.

- ❖ Ademais acordouse pedir a Consellería do Medio Rural que active as inversións destinadas ao arranxo de camiños de acceso aos viñedos da Denominación de Orixe de Valdeorras, incluíndo os do Barco e A Rúa.

- ❖ Finalmente se acordou manter a próxima reunión no Concello de Petín.